

O secretario xeral confederal de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, foi o encargado de clausurar a Escola Sindical de CCOO de Galicia. A súa exposición foi seguida dun




animado debate no que non deixou pregunta nin-

gunha sen responder. Tamén tivo tempo para atender as preguntas que, sobre diferentes temas, lle formulamos para este número do GALICIA SINDICAL. / PÁXS. 8-9

NÚMERO 44 - SETEMBRO DE 2013

Órgano de comunicación do S. N. de CCOO

Escola Sindical de CCOO: respostas desde a forza do traballo



O RETROVISOR · por Benxamín Rocha

SEN COMENTARIOS

A educación na encrucillada



A crise tan profunda que estamos a sufrir desde hai seis anos estalle servindo ás elites políticas e económicas da dereita para levar a cabo unha auténtica revolución conservadora que ten como obxectivo favorecer os intereses das clases poderosas á custa da maioría da sociedade.

Coa desculpa da loita contra o déficit público, o Goberno aplica reformas que reducen o papel das Administracións do Estado, velan polos intereses das iniciativas privadas e recortan dereitos fundamentais da cidadanía, nomeadamente no eido da educación, da sanidade e das coberturas sociais.

Constatamos recortes en bolsas, axudas de comedor e transporte, mingua de profesorado e persoal de apoio. Pola contra, aumentan as taxas académicas universitarias, e empeoran as perspectivas profesionais. Os prexudicados de todo isto, os fillos e fillas de xente que vive dun sa-

lario cada vez menor.

Aínda por riba, o Partido Popular está a piques de aprobar unha lei, a LOMCE, cuxas liñas mestras recollen a privatización de servizos públicos, a supresión de postos de traballo —e, como consecuencia, máis masificación das aulas— e a diminución da calidade do ensino. Ademais, degrada as condicións laborais dos traballadores e das traballadoras do ámbito, abandona a atención do alumnado con necesidades especiais, limita o papel do Consello Escolar na xestión democrática dos centros e introduce, en definitiva, un control ideolóxico involucionista sobre a escola a través da relixión como materia curricular —isto é, con nota.

Finalmente, cómpre denunciar a actitude prepotente e antidemocrática do partido no goberno ao desactivar conscientemente o diálogo e a concertación nas mesas de diálogo cos representantes sindicais elixidos polo profesorado.



Arriba, agresión fascista en Madrid contra autoridades catalás nas celebracións da Diada. Abaixo, o alcalde de Beade, Senén Pousa (PP), no seu despacho

EDITORIAL

«Si ou si»

Anosa organización non é infalible e, igual ca a sociedade, ten que reflexionar sobre como afrontar as situacións de dificultade derivadas da crise e das políticas de recortes e austeridade impostas polos gobernos conservadores de todos os ámbitos, e auspiciadas polos poderes económicos que, ao cabo, son os que «governan» sen que ninguén os elixise.

CCOO non é allea á situación de crise que padece a inmensa maioría de persoas que traballan ou buscan traballo. Tanto no seu seo como na acción sindical que desenvolve en prol de mellores condicións laborais e de vida das persoas traballadoras, que é a súa finalidade, son múltiples as expresións da crise e merecen que as analicemos para impedir que alcancen máis repercusión da que xa teñen.

Non se pode actuar coma se non estivese pasando nada, e seguir desenvolvendo un labor sindical propio dunha etapa económica expansiva como a vivida hai uns anos, cando se creaba emprego, pero a maior parte precario e sen dereitos, e cunha bolsa de economía somerxida insostible, como despois comprobamos. Un crecemento económico mal xestionado e só orientado á especulación sen medida. Unha oportunidade perdida para facer máis competitiva a nosa economía e os nosos

sectores produtivos, investindo en produtividade e en innovación.

Con todo, nesa etapa tamén había conflitividade coa que conseguir o retorno necesario desa medra económica para os que a producen coas súas mans; retorno consistente en máis salario, mellores xornadas e, en definitiva, máis dereitos.

Agora non é viable ese labor sindical, cando se destrúen milleiros de empregos acotío e cunha situación sen trazas de mellorar a curto andar. Máis ben se evidencia que desde a dereita política e económica se quere pasar factura ás conquistas laborais pasadas e aproveitar a crise para impoñer políticas de recortes que non figuraban no seu programa electoral (aínda que sempre as levaron no seu programa intelectual e ideolóxico). Daquela, hai crise e políticas de recorte para longo, agás que, coma noutros momentos históricos, a clase traballadora se constituía en axente de transformación e altere a situación desde a mobilización, desde a concienciación, desde as alternativas sociais.

Para acadar ese punto de inflexión que free a voracidade das dereitas, a nosa organización é central, en Galicia e mais no Estado, e ten que revisar a súa estrutura e a súa acción para reforzar o seu labor e os seus resultados, nas peores condicións posibles. É o reto de sempre,

Hai crise e políticas de recorte para longo, agás que a clase traballadora se constituía en axente de transformación

CCOO vai tomar «si ou si» as decisións necesarias para afrontar os principais retos que ten por diante a organización

e que sempre se soubo resolver con responsabilidade, rigor e compromiso, tomando decisións de gran calado para lograr resultados transcendentais, tras períodos de reflexión colectiva en que se consideran todas as posibilidades.

Escola Sindical

A recente Escola Sindical buscaba ese obxectivo ao convocar as persoas con máis responsabilidade sindical de CCOO de Galicia xunta unha ampla representación da dirección confederal de CCOO. Desenvolvéronse dúas xornadas de reflexión colectiva sobre os principais retos que a organización ha de

afrontar e tomáronse decisións imprescindibles.

Como dixo Ignacio Fernández Toxo na clausura da Escola Sindical, a nosa organización vai tomar «si ou si» esas decisións, logo dun proceso aberto pero sen eludir responsabilidade ningunha. Nese proceso estamos todas as persoas das CCOO, porque é o proceso de «armar» a nosa organización, dotándoa das capacidades necesarias para afrontar os retos e conseguir maior eficiencia e transparencia no noso labor e nos resultados. Para seguir sendo a mellor ferramenta que ten a clase traballadora en Galicia e no Estado.

SUMARIO

■ O retrovisor: «A educación na encrucillada»	2
■ Sen comentarios	2
■ Editorial: «Si ou si»	3
■ Especial Escola Sindical (páxs. 4-8)	
□ Presentación da Escola Sindical	4
□ Relatorios sobre formación sindical e finanzas	5
□ Relatorios sobre igualdade e organización	6
□ Relatorio sobre emprego e negociación colectiva	7
□ Entrevista a Ignacio Fernández Toxo	8
■ #euloiopolomeuconvenio	10
■ Punto X: «Folga no ensino o 24 de outubro»	10

Escola Sindical de CCOO

■ Dúas xornadas de debate para potenciar a acción sindical de Comisións Obreiras de Galicia

Comisións Obreiras (CCOO) organizou os días 19 e 20 de setembro unha Escola Sindical. Foron dúas xornadas de debate concibidas para potenciar a acción sindical da organización. Participaron como relatores responsables sindicais galegos e do Estado, entre eles o secretario xeral de Galicia, Xosé Manuel Sánchez Aguión, así como o secretario xeral confederal, Ignacio Fernández Toxo.

Na Escola Sindical tratáronse materias como a formación para o emprego, a optimización de recursos sindicais, os novos retos organizativos, a comunicación, a igualdade da muller no mercado laboral, o diálogo social, a negociación colectiva e a necesidade dun novo modelo produtivo.

Como anfitrións exerceron o secretario xeral de CCOO en Santiago-Barbanza, Juan Granados, e o secretario de Comunicación e Formación Sindical de CCOO de Galicia, Juan Martínez.

En opinión de Martínez, «a formación sindical constitúe un ele-



Na imaxe superior e de esquerda a dereita, Juan Martínez, Javier López e Juan Granados. Abaixo, instantánea do comezo da Escola Sindical

mento esencial para conformar o sentido de pertenza e a necesidade da militancia sindical nuns momentos como os que afrontamos», ao tempo que a acción sindical de CCOO «é o principal instrumento de formación dos nosos afiliados e afiliadas». Así, dótase a cada sindicalista de ferramentas para «coñecer, interpretar e intervir nos distintos procesos en que vai participar», apuntou.

Como exemplo da importancia que ten a formación sindical, Martínez lembrou que dos máis de 5.000 delegados e delegadas con que conta CCOO de Galicia, ao redor de 2.800 é a primeira vez que teñen esta responsabilidade. Deben ser persoas de «contrastada experiencia sindical» as que as atendan e lles dean as «claves necesarias» para desempeñaren correctamente o seu cometido.

Pola súa parte, o secretario xeral de CCOO de Santiago-Barbanza, Juan Granados, explicou que, con estas xornadas, o sindicato «cumpre os plans de traballo aprobados nos últimos procesos congressuais», nos que a organización «se comprometeu a unha formación sindical continuada nos planos interno e externo», cuxos obxectivos son «facilitar o coñecemento da nosa organización, a interpretación dos principios que a sustentan e dotarnos de ferramentas para unha adecuada toma de decisións».

«Xestionar adecuadamente a afiliación, crear grupos de traballo cohesionados, consolidar a formación sindical... son tamén obxectivos», explicou Granados, quen exemplificou isto co propio lema da Escola Sindical, «respostas desde a forza do traballo». «O traballo comeza hoxe de novo e a forza, para quen espera unha resposta da nosa parte, está en todos e cada un de nós», finalizou.



«A acción sindical é o principal instrumento para formar a nosa afiliación»

Juan Martínez



«A forza para facermos o noso traballo está en quen agarda a nosa resposta»

Juan Granados

■ Javier López, secretario confederal de Empleo e Formación Sindical

«O futuro dos traballadores e das traballadoras dependerá das nosas respostas aos retos actuais»

O primeiro dos relatores da Escola Sindical foi Javier López, secretario confederal de Empleo e Formación Sindical. Lembrou que a formación sindical ten como precedentes os espazos de que se dotou o movemento obreiro xa nos seus inicios, como as casas do pobo, ateneos ou círculos obreiros, pois organizacións como CCOO tiveron desde o comezo a preocupación de formar «obreiros con conciencia».

Salientou que CCOO é unha organización política, con «ideas e propostas para todos os ámbitos». «Organización política, pero autónoma», enfatizou, xa que «CCOO somos a nosa propia referencia, temos as nosas referencias históricas», insistiu. «Se nunca escoitamos falar

das nosas orixes, valores e principios, corremos un serio risco de nos diluírmos nos momentos difíciles», remarcou.

López instou o conxunto da organización a «facer unha avaliación de como estamos, que fixo o sindicato nestes anos e que tarefas, erros, situacións debemos corrixir para recuperar e afrontar os retos como o que somos: a primeira organización sindical e social de España».

Na súa opinión, o futuro de todos os traballadores e traballadoras «está en boa medida nas respostas que este sindicato lles dea aos retos que nos ocupan», xa que CCOO continúa a ser a organización do Estado con maior capacidade de negociación e mobilización.



Intervención de Javier López na Escola Sindical de CCOO de Galicia

Xestión máis eficaz dos recursos do sindicato

Na súa intervención, o secretario nacional de Finanzas, Manolo González, que detallou a situación económica e financeira da organización, condicionada pola caída de ingresos en partidas como as subvencións ou cotas de afiliación –isto último, consecuencia en boa medida da crise económica e da destrución de emprego en todo o país.

Novas fórmulas

Neste escenario, González apuntou a necesidade de xestionar os recursos da organización con maior eficacia aínda e de adoptar os mecanismos necesarios para que as fontes de financiamento externo –como as subvencións– non condicio-

nen o día a día da organización.

Da mesma opinión foi María Cardeñosa, secretaria confederal de Finanzas, Administración e Servizos. Após facer un breve resumo do proceso de profesionalización do sindicato –no que a xestión profesional das finanzas cobrou grande importancia–, sinalou que a situación socioeconómica actual obriga a un uso moito máis eficiente e eficaz dos recursos, non só económicos, senón tamén técnicos e humanos.

Nesta liña, Cardeñosa explicou que a Confederación Sindical de CCOO leva tempo a traballar en fórmulas que permitan unha xestión óptima dos recursos con que conta o sindicato.



Manolo González e María Cardeñosa trataron a xestión dos recursos sindicais

■ Nekane Zoco, adxunta á Secretaría da Muller de CCOO de Galicia

«O obxectivo fundamental das secretarías da Muller é a transversalidade»

Nekane Zoco, adxunta á Secretaría de Muller e Cooperación do Sindicato Nacional de CCOO, e Susana Brunel, adxunta á Secretaría confederal de Muller e Igualdade, foron as encargadas de expor a estratexia sindical en defensa da igualdade e dos dereitos da muller.

Zoco salientou que o «obxectivo fundamental» das secretarías da Muller de CCOO é «a transversalidade», que depende do reforzo e mantemento das accións e estruturas sindicais de igualdade de xénero. A transversalidade tamén esixe o aumento da participación e protagonismo das sindicalistas na acción e na organización sindical e a asunción de que estas reivindicacións son tan importantes coma o resto da acción sindical de CCOO.

Segundo Nekane Zoco, en momentos de «cambio sistémico» como o que estamos a vivir, cando os gobernos están a pór



Intervención de Nekane Zoco e Susana Brunel

en cuestión a sanidade, a educación ou os servizos sociais, é «fundamental» a análise transversal dos recortes para ter unha perspectiva «real e completa» do seu alcance. Así, explicou que para as mulleres representan unha «dobre discriminación», xa que a perda de emprego se con-

centra nos sectores máis feminizados, ao tempo que a perda de servizos implica que moitas se vexan obrigadas a asumir funcións como as da atención a persoas dependentes.

Na opinión da sindicalista, a transversalidade de xénero na análise sindical «enriquecerá o

noso discurso e fará visible a diferente situación en que nos atopamos homes e mulleres». Deste xeito, a análise será «máis real e, polo tanto, máis eficaz para atopar solucións». Por último, insinou a unha relación máis intensa coas seccións sindicais, a realizar campañas específicas en cada empresa e potenciar a incorporación de mulleres.

Pola súa parte, Susana Brunel coincidiu con Zoco na necesidade da transversalidade e do reforzo da acción sindical con perspectiva de xénero fronte á política de recortes e de ataques á negociación colectiva, tal como sinala o plan da Confederación Sindical de CCOO na materia. Para isto, o sindicato forneceralle a toda a súa estrutura formación en igualdade, romperá a segregación horizontal e vertical das secretarías e impulsará a participación das mulleres na renovación xeracional.

Xestión máis eficaz dos recursos do sindicato

Tras as intervencións de Zoco e Brunel foi a vez do relatorio do secretario confederal de Organización e Comunicación, Fernando Lezcano.

Acompañado polo secretario nacional de Organización, Francisco Carrera, e por Juan Granados, Lezcano explicou que as cuestións organizativas son «fins en si mesmas», xa que a organización é «un instrumento para a finalidade do sindicato».

Daquela, apuntou, «cómpre unha avaliación para saber se os medios empregados son os axeitados» para dar resposta á situación económica actual e produ-

tiva que, desde o punto de vista da acción sindical clásica, responde a «unha economía de hai máis de corenta anos». Por esa razón, considerou «imprescindible» unha «revisión a fondo» da estrutura de CCOO.

Actualmente, salientou Lezcano, «xa non serve o voluntarismo» para facerlle fronte á «ofensiva contra os dereitos dos traballadores e as traballadoras e contra os sindicatos», e expuxo a necesidade dunha reestruturación dos sectores en que se organiza CCOO, cun novo proceso de fusión de federacións.



Fernando Lezcano, no centro, con Francisco Carrera e Juan Granados

A «dramática» situación do emprego e da negociación colectiva en Galicia e no Estado

■ Maica Bouza e Paloma López expuxeron os principais datos da situación actual nestas dúas materias

A secretaria confederal de Emprego e Migracións, Paloma López, e a secretaria de Emprego de Galicia, Maica Bouza, foron as relatoras da segunda xornada da Escola Sindical que organizou CCOO en Santiago de Compostela.

Na súa exposición, Bouza fixo un retrato da situación do emprego e da negociación colectiva en Galicia, mentres que López bosquexou o escenario global no Estado.

Galicia, como España, está inmersa na crise desde finais do 2008. A economía non crece e isto reflíctese en todos os sectores produtivos, cun «dramático impacto» no mercado de traballo, intensificado pola reforma laboral. Así as cousas, no noso país destruíronse 216.000 empregos desde o comezo da crise, o que situou por vez primeira en moitos anos o número total de traballadores e traballadoras por baixo do millón. Co-

mo exemplo da «gravidade» da situación, un dato: o emprego non se recuperou sequer no trimestre pasado, cando normalmente melloran as cifras debido á estacionalidade.

As mulleres e a mocidade son os colectivos máis afectados pola crise, tanto pola incorporación máis serodia ao mercado de traballo —e, polo tanto, en condicións peores— como polo feito de que a destrución de emprego foi máis intensa entre a poboación feminina e a menor de 35 anos.

Pola súa banda, a reforma laboral provocou a substitución do emprego indefinido polo temporal, ao tempo que as políticas de axuste deixaron o emprego no sector público en «mínimos históricos».

A pesar do panorama, a Xunta de Galicia leva xa catro orzamentos consecutivos con recortes, en especial nas políticas activas de emprego e nos inves-

timentos para a recuperación da economía: o investimento público, que ten un «papel fundamental» na actividade económica e o emprego, caeu desde o inicio da crise un 50 %, mentres que as políticas de emprego minguaron o 56 %.

Canto á negociación colectiva, segundo os últimos datos de que dispón o sindicato, este ano asináronse 73 convenios e revisáronse once, que atinxen a 109.599 traballadores e traballadoras. Dos asinados, once foron novos e responden á estratexia da reforma laboral de individualizar a negociación colectiva, xa que son convenios de empresa e unicamente afectan a 320 persoas.

Doutra banda, o incremento salarial pactado foi do 0,72 %, inferior á inflación. Con todo, a contención dos salarios non afecta nin aos prezos nin aos beneficios empresariais, reproboou Bouza.

Situación no Estado

Na súa quenda, Paloma López explicou que, para elaborar un diagnóstico da situación do emprego en España, «abonda con amplificar os datos de Galicia», o que «dá unha idea da magnitude do problema ao que nos debemos enfrontar».

Á vista dos datos da enquisa de poboación activa (EPA), así como doutros indicadores, considera probado que «non se está a conter a destrución de emprego».

Para López, unha das principais eivas da economía española é o paro estrutural: contabilízase ata 1,7 millóns de persoas desempregadas que non lograron traballo nas épocas de bonanza.

Como alternativas a toda esta situación, CCOO insta a pór en marcha políticas activas de emprego, máis e mellor formación, así como apostar por un cambio de modelo produtivo.



«Para diagnosticar a situación de España, chega con amplificar a de Galicia»

Paloma López



Maica Bouza e Paloma López desmontaron con datos as mentiras dos gobernos do PP e o seu discurso da austeridade



«As políticas de axuste deixaron o sector público en mínimos históricos»

Maica Bouza

■ Ignacio Fernández Toxo, secretario xeral confederal de CCOO

«Pódese saír da crise mantendo o estado social ou incrementando as desigualdades»



No centro, Ignacio Fernández Toxo, acompañado por Juan Martínez (esquerda) e Juan Granados (dereita)

O secretario xeral confederal de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, foi o encargado de clausurar a Escola Sindical de CCOO de Galicia. Minutos antes, acompañado do secretario de Comunicación e Formación Sindical, Juan Martínez, deu unha conferencia de prensa na que fixo unha análise da situación actual e respondeu tamén algunhas preguntas para o GALICIA SINDICAL.

Que opinión lle merece a reforma das pensións que pretende acometer o Executivo central?

A proposta do Goberno é innecesaria e inoportuna. Se o

que se pretende é aproveitar unha conxuntura desfavorable para liquidar a calidade das pensións públicas, con estas medidas poderían facer axiña.

A actitude do PP, con esta pretensión, chama bastante a atención. Contrasta coa postura do PP no 2011, cando lanzara críticas feroces contra o partido que daquela gobernaba.

A seguridade social ten problemas que xustifiquen a reforma?

Se o Goberno quere evitar males maiores, deberíalle enviar unha mensaxe potente á poboación sobre a inexisten-

«Se o Goberno quere evitar males maiores, deberíalle enviar unha mensaxe á poboación explicándolle que non hai risco grave para a seguridade social»

cia de risco grave para a seguridade social, polo menos sempre que o Executivo adopte unha serie de medidas, comezando por incrementar os ingresos públicos.

A de agora é unha reforma innecesaria, inoportuna e confunde un problema conxuntural que ten a seguridade social coa necesidade de modificar a estrutura do sistema.

Hai dificultades, si, pero ocasionadas pola mingua dos ingresos, vinculada á súa vez coa crise e a destrución de emprego. Por aí é por onde hai que atallar a situación.



O IPC pode continuar sendo o indicador de referencia para a revalorización das pensións?

Hoxe en día é unha referencia válida e creo que o pode seguir sendo. Nun momento de crise como o que padecemos, cambiar a referencia só minguaría calidade das pensións en Galicia e en España. O Goberno ten que ser consciente de que na actualidade os pensionistas son un soporte fundamental da economía, polo que unha perda de poder adquisitivo das pensións redundará nunha maior destrución de emprego.

Na súa opinión, o Pacto de Toledo é aínda un marco válido

«O IPC continúa a ser hoxe en día unha referencia para a revalorización das pensións. Cambiala só provocaría unha mingua na súa calidade»

para tratar esta materia?

Rotundamente, si. O que non é lícito é actuar como o está a facer o PP, situando o sistema público de pensións no medio do debate político electoral, xa que deixa á discrecionalidade de cada Executivo autonómico tomar as decisións clave en materia de pensións.

Gastamos moito en pensións, como insinúa o PP?

En absoluto! A media de gasto da eurozona é do 14 %, pero aquí só gastamos ao redor do 10 %. Somos partidarios de equiparar o gasto español á media da zona euro, e para iso cómpre incrementar os ingresos da seguridade social en case catro puntos.

Como se podería lograr esa suba?

Na liña do que comentaba anteriormente, será necesario explorar a vía dos ingresos: incrementar os tipos de cotización, subir o salario mínimo interprofesional ou acometer un financiamento mixto con impostos e cotizacións.

Cales son os principais problemas económicos?

Os principais problemas son, fundamentalmente, os asociados ao emprego, ao tempo que o sector exterior non tira o suficiente como para compensar a caída do sector interior. Por este motivo, cómpre un cambio nas políticas económicas. Para o problema de financiamento do sistema público que ten España, sería necesario revisar as cargas fiscais e aplicar unha decidida loita contra a fraude para elevar os ingresos, ademais de resolver dunha vez a situación da banca. Hai alternativas e están todas na mesa de Mariano Rajoy.

CCOO leva moito tempo a afirmar xustamente iso, que hai alternativas...

A taxa de paro en Galicia e en España está en niveis históricos, por desgraza. É unha situación de extrema gravidade e só hai dous xeitos de saír dela:

mantendo o Estado social ou incrementando as desigualdades. Na miña opinión, as políticas actuais diríxense cara ao segundo camiño.

Que opinión lle merece a neolingua do PP á hora de falar de recortes?

Utilizan os eufemismos para esconder a realidade. A cidadanía ten dereito a saber como lle van afectar as decisións que toma o Goberno. Se pensan que así van evitar un conflito social, equívocanse, porque a xente non é parva.

Desde o Goberno central levan tempo a insistiren en que a economía remontará o ano que vén. Hai algunha razón para tanto optimismo?

Para saír da crise, é necesario reactivar a economía, e iso esixe incrementar os ingresos públicos e investilos.

Pola contra, os Gobernos que están en mans do PP, como o central e a maioría dos autonómicos, están instalados en facer políticas de recortes. Actualmente, nada apunta a que a situación mellore no 2014, senón todo o contrario. Neste contexto vai ser de vital importancia tecer alianzas en España e Europa para lograr correlacións de forzas que fagan políticas radicalmente diferentes ás actuais.

«Cómpre un cambio nas políticas económicas, revisar as cargas fiscais, loitar decididamente contra a fraude e resolver a situación da banca»

Estamos nas redes sociais.
Fai clic e descúbrenos!



twitter.com/ccoo galicia
facebook.com/ccoo galicia
youtube.com/snccoo

eu loito polo meu convenio

#euloitopolomeuconvenio



SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Rúa Miguel Ferro Caaveiro n.º 8
(Santiago de Compostela)
981.551.800

A Coruña (sede comarcal)

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981.145.197

Local sindical de Cee

Rúa Campo do Sacramento, 69
981.746.930

Ferrol (sede comarcal)

Rúa María, 42-44
981.369.300

Local sindical das Pontes de G.ª R.

Rúa da Capela, 2
981.440.321

Santiago de Compostela (sede comarcal)

Vía Edison 1-C, Polígono do Tambre
981.958.200

Local sindical de Ribeira

Rúa de Correos, n.º 5,
baixo dereito
981.872.413

Viveiro (sede comarcal)

Rúa García Doriga, s/n
982.561.001

Local sindical de Burela

Rúa de Emilia Pardo Bazán, 5
(Entrechán; Edificio Porches 2)
982.585.732

Local sindical de Ribadeo

Avda. de Galicia, s/n, 3.º
982.130.506

Lugo (sede comarcal)

Rolda da Muralla, 58
982.231.975

Local sindical de Monforte de Lemos

Rúa de Roberto Baamonde, s/n
982.401.518

Ourense (sede comarcal)

Rúa do Parque de San Lázaro, 12-3.º
988.391.727

Local sindical do Barco de Valdeorras

Praza de España, 2 - Baixo esquerdo
988.322.034

Local sindical de Verín

Avda. de Portugal, 3-5
988.410.641

Pontevedra (sede comarcal)

Rúa Pasantería, 1-2.º
986.866.276

Local sindical de Lalín

R/ de Xaquín Loriga, 29 - Entrechán
986.782.437

Vilagarcía de Arousa (sede comarcal)

Rúa de Alexandre Bóveda, 2-2.º
986.502.000

Local sindical do Grove

Rúa do Dr. Luís Casais, s/n - 2.º esq.
986.732.618

Vigo (sede comarcal)

As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia)
986.246.800

Local sindical de Ponteareas

Rúa Esperanza 13 entreplanta 36860
986.661.043

Local sindical do Porriño

Rúa Atarela, 2. Casa Sindical
986.331.962

Consulta cal é o local
de **CCOO** máis próximo



O PUNTO XE

Folga no ensino o 24 de outubro

Por X. Rodríguez

A Plataforma en Defensa do Ensino Público, da que forman parte CCOO-Ensino, FETE-UGT, Escola Viva, Confapa-Galicia, IESGA e o Sindicato de Estudantes, convocou folga no ensino para o vindeiro 24 de outubro.

Desde a Plataforma denuncian que os recortes que impón o Goberno central, do PP, así como outros Executivos autonómicos da mesma cor política, provocan «situacións alarmantes» que poñen en perigo o ensino público. Cuestións como a Lei de mellora da calidade educativa (LOMCE) ou o real decreto de bolsas «deterioran a calidade do ensino» e «atacan a igualdade de oportunidades».

Calendario

A Plataforma anunciou un calendario de mobilizacións que comezará o día 23 de setembro. Entre esta data e o 13 de outubro, faranse consultas á cidadanía sobre os recortes e as políticas educativas. Para este efecto organizaranse actos informativos e colocaranse mesas de consulta nos centros para que a cidadanía poida expresar a súa opinión.

Manifestación

Posteriormente, o día 24, terá lugar a xa referida folga no ensino, antesala das marchas da comunidade educativa cara a Madrid, que terán lugar entre o 2 e o 9 de novembro. Será unha acción de alcance estatal e participarán todas as comunidades autónomas. As marchas finalizarán diante do palacio da Moncloa. Ademais, o día 9 haberá unha gran manifestación na capital do Estado contra as políticas educativas do PP.